

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032959	CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel	Carral	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	26

1. Introducción

Esta programación nace da necesidade de todo docente de planificar a súa práctica diaria. Sen embargo, non entendemos a programación como un documento pechado e no que non pode haber variacións, senón como un marco de referencia aberto e flexible no que o contexto e os intereses do alumnado marcarán o camiño a seguir.

A correcta atención a toda a diversidade (incluído o alumnado con neae e nee) fai que a organización de espazos, tempos e apoios (tamén o do profesorado especialista de PT e AL) sexa flexible e incida na inclusión: desdobres, pequenos grupos heteroxéneos, traballo cooperativo, aprendizaxe manipulativa, utilización de diferentes espazos. Así o establece a Orde do 8 de setembro no seu artigo 43 onde se especifica que “na organización e na xestión das aulas procurárase a participación de todo o alumnado, o acceso a recursos, a flexibilidade dos agrupamentos e todo o que favoreza a interacción, a convivencia e a aprendizaxe compartida”. A programación está pensada para tres grupos de nenos e nenas do 4º Nivel de EP (4ºA conta con 21 alumnos/as, 4ºB con 20 alumnos/as e 4ºC con 20 alumnos/as) e para elaborala tivemos en conta as características dos nenos-as de 9-10 anos, onde Piaget os sitúa na etapa das operacións concretas.

Cabe sinalar que cada grupo continúa coa mesma titora que o curso pasado agás os 4 alumn@s repetidores (3 xa estaban no centro o curso pasado e 1 é unha nova incorporación). Asemade, un total de 10 nenos e nenas reciben RE desde o curso pasado.

É importante destacar que o centro no que se vai desenvolver esta programación conta con varios proxectos que son tidos en conta á hora de elaborar dito documento: PLAMBE, Polo Creativo, E-Dixgal, entre outros.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	ALIMENTÁMONOS	<p>Nesta unidade aprenderemos como o ser humano realiza a función de nutrición. Tamén faremos pequenos experimentos científicos para que o alumnado vexa como funcionan os diferentes aparellos que realizan a función mencionada. Relacionado con isto na área de lingua traballaremos o texto instrutivo (as receitas de cociña) e a ortografía natural iniciándonos na arbitraria.</p> <p>Na área de matemáticas faremos un repaso das catro operacións básicas (suma, resta, multiplicación e división). Asimesmo traballaremos as diferentes moedas e billetes e realizaremos tarefas e resolveremos problemas relacionados coa nosa vida diaria na que se empregan.</p>	20	20	X		
2	ORIENTÁMONOS	<p>Na área de matemáticas traballaremos os diferentes tipos de rectas así como os tipos de ángulos, os movementos e transformacións (simetría e traslación) e as coordenadas no plano. Na área de lingua galega centrarémonos na búsqueda de información para realizar un produto final relacionado co tema de sociais (o universo). En plástica traballaremos sobre as</p>	20	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	ORIENTÁMONOS	conmemoracións de centro e contidos puntuais de ciencias sociais e matemáticas. Usaremos as Tics para facer producións audiovisuais en relación coas conmemoracións do centro ou propostas de equipos docentes.	20	20	X		
3	COIDÁMONOS	Nesta unidade traballaremos o que a saúde e que debemos facer para manter un bo estado da mesma, atendendo a alimentación, hixiene, a actividade física, descanso e ao benestar emocional. Aproveitaremos para elaborar menús saudables e analizaremos os menús que se serven no comedor do noso centro para comprobar que son menús equilibrados. Na área de matemáticas iniciaremos ao alumnado en dous novos conceptos: fraccións e números decimais. Verase a súa utilización fundamentalmente no noso día a día. Na parte lingüística traballaremos a expresión oral a través da radio aproveitando a conmemoración do Día da Saúde. Ademais coñeceremos conectores e adverbios que enriquezan o vocabulario utilizado.	10	20		X	
4	ORGANIZÁMONOS	Na área de matemáticas traballaremos coas unidades de lonxitude e analizaremos o uso que facemos delas no noso día a día. En lingua castelá analizaremos algúns anuncios publicitarios con perspectiva de xénero e crearemos os nosos propios usando diferentes recursos literarios. Ademais compararemos as linguas traducindo e reflexionando sobre elas.	10	20		X	
5	CAMBIAMOS	Nesta unidade analizaremos as propiedades da materia así como os estados e os cambios que se producen na mesma. Tamén aprenderemos diferentes formas e tipos de enerxía e analizaremos as diferentes formas da enerxía que empregamos no noso día a día. Nas linguas profundizaremos no concepto de suxeito e predicado e nos pronomes ademais de falar da literatura papular e os contos repetitivos. Na área de matemáticas seguiremos coas unidades de medida, neste caso, as unidades de capacidade e masa e o uso que facemos das mesmas na nosa vida diaria. Na área das linguas traballaremos con contos repetitivos e redondos para crear o noso a partir de exemplos. Ademais profundizaremos no sentido de enunciado, frase e oración así como no suxeito e no predicado (tamén nos pronomes)	20	20			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	TODAS TEMOS UNHA HISTORIA QUE CONTAR	Na área de matemáticas traballaremos as nocións temporais e abordaremos o paso do tempo no reloxo dixital e analóxico. Na área das linguas centrarémonos no uso da biblioteca e en avaliar en poñer en común toda a bagaxe literaria adquirida durante o curso dentro no PDI ¿Todos temos unha historia que contar¿.	10	20			X
7	CONSTRUÍMOS	Na área de matemáticas traballaremos coas unidades de lonxitude e analizaremos o uso que facemos delas no noso día a día. En lingua castelá analizaremos algúns anuncios publicitarios con perspectiva de xénero e crearemos os nosos propios usando diferentes recursos literarios. Ademais compararemos as linguas traducindo e reflexionando sobre elas.	10	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	ALIMENTÁMONOS	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Escribe prestando atención á ortografía correcta, revisando e preguntando aínda que cometa algún fallo.	PE	50
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Escolle o modelo discursivo adecuado para escribir a receita. Utiliza estratexias básicas de planificación. Escribe textos máis extensos e coherentes. Integra imaxes e texto. Escribe de maneira lexible a maior parte do tempo e presta atención á presentación aínda con algún erro.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Identifica algúns erros nos seus textos. Comenza a sinalar erros nos textos doutros con pequenas orientacións. Identifica palabras máis alá das máis comúns. Comeza a usar contextos para inferir o significado de palabras descoñecidas. Utiliza o dicionario con orientacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	E quen de distiguir, algunhas diferenzas entre as regras ortográficas do castelán e o galego.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participa ocasionalmente en conversas grupais e case sempre demostra respecto polas normas de cortesía. Soe mostrar interese polo que din os demais.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Expresa opinións e busca axudar aos demais a maioría das veces. Participa na toma de decisións grupais e propón solucións mostrando pequenos progresos. Busca solucións de maneira pacífica, fala sobre os seu sentimentos e escoita aos dos demais.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le en silencio pero pode necesitar repasar algúns fragmentos .Le en voz alta con entonación e pronuncia adecuadas. Comprende o sentido xeral do texto, pero pode perder detalles. Identifica información relevante e	TI	50
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Identifica palabras menos comúns e, algunhas veces intenta comprender o seu significado a partir do contexto.Comeza a utilizar pistas visuais ou contextuais para deducir o significado de palabras novas. Intenta usar palabras aprendidas na súa escritura e expresión oral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Estratexias de expresión e escoita activa empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade. - Procesos: comprensión lectora - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. - Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.

Contidos

- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
2	ORIENTÁMONOS	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	O texto é na súa maioría coherente, pero a estrutura pode ser pouco clara nalgúns puntos. As intencións comunicativas son identificables. Intenta integrar algúns recursos gráficos o paratextuais.	PE	50
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localiza información pero con dificultade para diferenzar entre fontes e seleccionar a información máis relevante. Intenta contrastar información, pero soe ser superficial.. Intenta adaptar la información de modelos dados, pero soe ser una reproducción literal y pouco creativa.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Mostra un esforzo na lectura autónoma ou acompañada, pero pode necesitar apoio para comprender textos máis complexos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	O alumno/a produce textos escritos prestando especial atención aos signos de puntuación e organización.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Obsérvase progreso na coherencia e planificación dos textos orais, o axuste ao contexto e o uso de recursos non verbais.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Comparte os resultados cunha presentación boa pero pode ter algunhas partes un pouco confusas. Localiza información pero con dificultade para diferenciar entre fontes e a máis relevante. Intenta contrastala, pero soe facelo de maneira superficial.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Mostra un coñecemento básico do funcionamento da biblioteca, pero pode requirir asistencia para atopar libros. Intenta seleccionar lecturas, pero as súas eleccións poden non estar completamente en liña cos seus gustos persoais ou intereses. Case sempre cumpre as normas.	TI	50
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Intenta avaliar a información en liña e considerar riscos, pero soe ser superficial ou pouco efectivo. Mostra un coñecemento básico sobre o uso sustentable e saudable das TI		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente en lingua galega. - Procesos: produción oral - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais. - Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Contidos

- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Procesos: produción escrita
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
3	COIDÁMONOS	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprende algúns aspectos dos textos orais, pero pode perder ideas importantes e detalles. Intenta valorar criticamente o contido, pero as súas avaliacións poden ser limitadas ou carecer de fundamentación.	PE	70
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Coñece e utiliza en pequenos textos algúns dos adverbios e conectores aprendidos.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprende textos en xeral, pero pode requerir asistencia para entender conexións. Mostra comprensión básica da estrutura da lingua e gramática. Utiliza un rango de vocabulario máis amplo, pero pode necesitar exemplos para comprender palabras. Comete algúns erros ortográficos.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	O alumno/a indentifica as palabras clave con pequenas axudas, realiza inferencias sinxelas e anticipa hipóteses básicas. Ten algunha dificultade na aplicación das estratexias de comprensión lectora, afectando á comprensión dos textos complexos pero non dos sinxelos.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Intenta planificar pero necesita axuda. O programa de radio está organizado en partes, pero a información está algo desordeada. Intenta revisar o texto, pero os cambios son mínimos. Realiza unha edición superficial.	TI	30
CA2.3 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	Mostra esforzo en escoitar con atención, pero pode perder algunhas partes da conversa. Intenta recoller datos pero ás veces non logra captar información relevante ou pode ser desorganizado/a. Formula preguntas de maneira limitada.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Obsérvase progreso na coherencia e planificación dos textos orais, o axuste ao contexto e o uso de recursos non verbais		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	A expresión oral na súa maioría é coherente, pero presenta algúns momentos de vacilación. Estrutura simple de ideas. Utiliza un rango básico de vocabulario apropiado para as situacións. Axústase adecuadamente ao contexto na maioría das situacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias.
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen intereses e gustos.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
- Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.

UD	Título da UD	Duración
4	ORGANIZÁMONOS	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Case sempre usa unha linguaxe respectuosa e recoñece a importancia da sensibilidade cultural. Recoñece a importancia dunha perspectiva de xénero na linguaxe, pero pode cometer algún erro de forma illada. Mostra esforzo por comunicarse de maneira empática e respectuosa con algún pequeno erro.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece os usos discriminatorios da linguaxe e os abusos de poder verbais pero pode non entender completamente as súas implicacións. Participa ocasionalmente na reflexión grupal, pero pode non sempre contribuir de maneira significativa á discusión	TI	100
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Recoñece, con axuda, a existencia de prexuízos e discriminacións na linguaxe, pero pode non sempre entender completamente as implicacións. Intenta analizar criticamente a linguaxe, pero pode carecer de profundidade na súa análise.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios con respecto á lingua galega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. - Procesos: produción oral - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.

Contidos

- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatória e respectuosa coas diferenzas.
- Procesos: comprensión lectora
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.

UD	Título da UD	Duración
5	CAMBIAMOS	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.	Hai progreso na lectura expresiva e na comprensión de textos literarios, pero aínda se require máis traballo para acadar unha comunicación efectiva e unha interpretación profunda.	PE	90
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Intenta ler textos variados, pero a exploración é limitada e non reflexa diversidade. Recoñece algúns elementos dos xéneros literarios, pero pode ter dificultades para interpretalos ou relacionalos. Interpreta os textos lidos de maneira básica, pero pode non sempre captar as sutilezas.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce de maneira acompañada un conto redondo con sentido, ortografía e caligrafía adecuada.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñecer con pequenas axudas algúns recursos literarios sinxelos.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Distingue diferentes tipos de palabras con pequenas axudas prestando atención neste caso á concordancia entre suxeito e predicado e os pronomes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Obsérvase un progreso na selección de textos, valoracións persoais y construción da identidade lectora, aínda que con dificultades na articulación de opinións e conexións persoais.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Comprensión, memorización e recitado de poemas, progresando no ritmo, entoación e dicción. - Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra. - Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto. - Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais. - Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade. - Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios. - Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero, número, persoa) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental.

UD	Título da UD	Duración
6	TODAS TEMOS UNHA HISTORIA QUE CONTAR	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Mostra intentos de mellorar a súa eficacia lectora,. Ten unha comprensión básica dos textos lidos, pero pode tener dificultades para interpretalos en profundidade ou facer inferencias. Mostra interese ocasional pola lectura.	PE	50
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Intenta planificar pero necesita e a información está algo desordeada. Os elementos visuais son recoñecibles, pero poden non ser totalmente relevantes ou carecer de claridade. Realiza unha edición superficial.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Ten algún coñecemento básico sobre o funcionamento das bibliotecas, pero pode haber confusión ou falta de comprensión en certos aspectos. Participa ocasionalmente, pero pode non estar moi involucrado. Mostra algunha medida de interese en manter e ampliar a súa biblioteca propia.	TI	50
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa de maneira ocasional nas actividades. Comunica a experiencia de lectura de maneira básica. Intenta reflexionar sobre a experiencia de lectura, pero as observacións poden ser superficiais ou pouco relacionadas co contido. Interactúa de maneira sinxela cos seus compañeiros/as.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Comparte ocasionalmente as súas experiencias de lectura e pode participar en actividades literarias de forma limitada. Participa ocasionalmente en comunidades lectoras. Utiliza ocasionalmente soportes diversos		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Valora os textos literarios e a literatura, pero pode non estar completamente consciente das súas implicacións como vehículo de comunicación, lecer e información.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Recoñece ocasionalmente a biblioteca da aula ou do centro como un lugar para actividades literarias compartidas, pero pode non estar completamente consciente das súas implicacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes). - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega. - Procesos: comprensión lectora <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega. - Procesos: produción escrita

Contidos

- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras en galego, a través de conversacións literarias, participando activamente na comunidade lectora escolar.
- Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
7	CONSTRUÍMOS	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.	Identifica con axuda prexuízos lingüísticos e estereotipos recoñecendo a pluralidade lingüística como unha fonte de riqueza cultural.	PE	60
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Identifica con axuda os determinantes e coñece algúns dos seus tipos.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara aspectos básicos das linguas facendo traducións de frases con pequenas axudas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Mostra interese pola diversidade lingüística, pero non comprende completamente a súa importancia. Demostra un respecto básico polas diferentes linguas, pero pode ter dificultades para evitar actitudes ou comentarios insensibles. Mostra un interese superficial nas linguas de signos.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorando a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.	Pode identificar as linguas das súa contorna pero confundilas ou non recoñecer todas as variación lingüísticas. Mostra interese pola diversidade cultural, pero pode non comprender completamente a súa importancia	TI	40
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Mostra un recoñecemento ocasional dos usos lingüísticos discriminatorios. .Mostra un entendemento básico dos abusos de poder na comunicación, pero pode non ser capaz de identificalos en todos os contextos. Participa ocasionalmente na reflexión grupal. Valora as linguas oficiais por igual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión lingüística para achegarse á súa contorna. - Procesos: produción escrita - Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal. - Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os principios metodolóxicos que segue esta programación son:

- A motivación do alumnado. Entendemos que o alumnado debe ter un papel activo e tunha actitude favorable de cara ás aprendizaxes, por iso trataremos de partir dos seus centros de interese e plantexaremos actividades dinámicas, variadas, significativas e manipulativas.
- Se fora necesario porque a dinámica da aula non funciona ou porque a actividade así o require, gardaremos un tempo dentro do horario lectivo para realizar asambleas e así ter un espazo aberto de participación e decisión democrática.
- Seleccionaremos e secuenciaremos os contidos e competencias, agrupándoos por Unidades Didácticas, 11 en total, a razón de 5 no primeiro trimestre, 3 no segundo e 3 no terceiro.
- O ensino fomentará a autonomía e estará centrado no alumnado. As primeiras horas utilizaranse para actividades de tipo máis académico e tradicional (actividades nos libros de texto), as horas de despois do recreo serán utilizadas para outros tipos de aprendizaxes, proxectos, tarefas, recantos preparados con materiais manipulativos, caixas de aprendizaxe... Esta organización será flexible e dependerá tamén das horas de apoio dos mestres con dispoñibilidade horaria e AL ou PT.
- Teremos en conta a progresión en dificultade e o reforzo das aprendizaxes espaciadas no tempo para favorecer a súa integración e memorización.
- Traballaremos por recantos e/ou caixas de aprendizaxe. Contaremos cun amplo e variado conxunto de materiais e recursos didácticos organizados para favorecer a súa localización, orde e autonomía.
- Co obxectivo de dotar ao alumno/a dos coñecementos e as competencias necesarias para desenvolver as súas propias aprendizaxes de forma autónoma, traballaranse diferentes técnicas de estudo, organizadores visuais e estratexias para desenvolver hábitos de pensamento organizado.
- Usaranse diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativa e colaborativa. Os equipos serán heteroxéneos e seguirase a senda da aprendizaxe entre iguais e a corresponsabilidade.
- Nas linguas traballaremos por tipoloxías textuais xa que somos partidarias da idea de que aprender lingua non só é aprender teoría gramatical e regras abstractas. A Educación Primaria debe ensinar a utilizar a lingua, manipulala, creala e recreala. Os textos seleccionados para traballar tratarán sobre temas que motiven aos alumnos e alumnas; serán de uso social, variados e de calidade. Seguiremos para o seu traballo o esquema de planificación de Myriam Nemerovsky e unha perspectiva da aprendizaxe da lingua escrita de tipo construtivista. Igualmente darémoslle moita importancia á educación literaria e á lectura por pracer. Teremos tres libros de lectura obrigatoria (un por aula) que iremos compartindo ao longo do curso.
- Traballo por proxectos e tarefas. Para levar a cabo o PDI do centro que este ano versa sobre “Tod@s temos unha historia que contar”, usaremos a aprendizaxe baseada en proxectos e integraremos os diferentes saberes que aprendimos durante o curso para levalo a cabo durante a 3ª avaliación máis en profundidade combinando as linguas, as matemáticas, naturais e sociais, as linguas e a educación artística.
- Usaremos o reforzo positivo e a despenalización do erro. Levaremos a cabo estratexias de mediación, baseadas na Disciplina Positiva e outras metodoloxías afíns prestando atención ao desenvolvemento da intelixencia emocional intra e interpersonal.
- Usaremos as TIC, centrándonos nas linguaxes de programación e tamén nas competencias AMI.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Ordenador de aula, libros, xogos e outros recursos bibliográficos (biblioteca). Tamén se crearán diferentes materiais manipulativos para favorecer a adquisición dos contidos traballados na aula. Textos de uso social.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial será o referente das medidas a contemplar que deriven dos resultados da mesma. Levarase a cabo na semana do 11 ao 15 de setembro.

Consistirá na observación directa e indirecta do alumnado, probas escritas e orais: análise da expresión oral (debate), comprensión escrita, resolución de problemas...

A nivel de aula, algunha das medidas que se contemplan en función dos resultados obtidos son adaptar a programación en función das necesidades de todo o alumnado, facendo especial fincapé naqueles discentes máis vulnerables. Poñeremos en práctica actividades de reforzo e ampliación, recuperación de contidos e obxectivos non acadados tratando de compensar eivas na medida das posibilidades que permita a dinámica da aula/grupo.

Tamén se levarán a cabo as medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias para favorecer a aprendizaxe do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	10	10	20	10	10	100
Proba escrita	50	50	70	0	90	50	60	56
Táboa de indicadores	50	50	30	100	10	50	40	44

Criterios de cualificación:

As probas escritas e Táboas de indicadores (rúbricas, traballos, exposicións...), teñen o mesmo peso en cada trimestre.

A nota trimestral, no tocante o que as UD se refire, son as seguintes:

1º Trimestre:

- UD 1. Alimentámonos. 50%
- UD 2. Orientámonos. 50%

2º TRIMESTRE:

- UD 3. Coidámonos. 80%
- UD 4. Organizámonos. 20%

3º TRIMESTRE.

- UD 5. Cambiamos. 40%
- UD 6. O paso do tempo. 30 %
- UD 7. Construimos. 40%

O 100% da avaliación final será do seguinte modo:

- UD 1: 20%
- UD 2: 20%
- UD 3: 10%
- UD 4: 10%
- UD 5: 20%
- UD 6: 10%
- UD 7: 10%

Cando a calificación obtida non sexa exacta o redondeo das notas farase sempre cara arriba. En calquera caso prevalecerá sempre o criterio das titoras e a xunta de avaliación.

Criterios de recuperación:

Se consideramos que o alumnado ten unha parte suspensa e que eses contidos son relevantes na materia para a continuidade da aprendizaxe indicaráselle os contidos que debe repasar e reforzar para a realización dunha proba (escrita, oral, recollida dalgún traballo...). Isto farase de maneira individual antes de rematar cada trimestre atendendo ás necesidades de cada alumno/a.

6. Medidas de atención á diversidade

A Orde 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación define a diversidade como unha realidade social que atinxe a todos os individuos e aspectos da vida.

Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos máis aló de se presentan ou non necesidades específicas de apoio educativo.

Algún dos principios inspiradores LOMLOE son a equidade, a igualdade de oportunidades e a cooperación e estes son o eixe principal da programación. Enténdese equidade como darlle a cada persoa os apoios necesarios en función das súas necesidades e enténdese a igualdade de oportunidades como a flexibilidade destas actuacións para adaptalas ao alumnado e ao contexto.

Así, en colaboración co DO e tendo en conta sempre a eficiencia dos recursos e as súas propostas, deseñaranse diferentes tipos de apoio dependendo das actividades que se van a realizar e dos nenos e nenas que se beneficien deles nese momento (incluímos aquí o profesorado con dispoñibilidade horaria e tamén os mestres de PT e AL). Estes apoios serán inclusivos e seguirán os principios que Teresa Huguet fai no seu libro Aprender juntos en el aula. Una propuesta inclusiva da Editorial Graó:

- O mestre de apoio está dentro da aula ordinaria apoiando a un só neno. Isto require de pouca coordinación e produce certa dependencia do cuidador polo que se farán estes apoios so de

forma puntual.

- Axudar a un alumno aumentando progresivamente a distancia. Este tipo de apoio suple as carencias do apoio anterior e será o fin último, que os alumnos acaden a autonomía.
- Agrupación temporal de alumnos dentro da aula ou na aula de apoio (desdobres). Con grupos heteroxéneos no que cada mestre atende a un grupo.
- Os dous mestres móvense pola aula axudando a quen o necesite.
- Traballo en grupos cooperativos que promovan a inclusión, o mestre de apoio ocúpase dun grupo e o titor/a doutros.
- Os dous mestres conducen unha actividade conxuntamente para casos de actividades, por exemplo, que necesiten de exposicións orais e debates.
- O mestre de apoio conduce a actividade e o mestre titor fai o apoio (permite ao titor acercarse máis aos seus alumnos e ver onde poden necesitar máis axuda).
- O mestre de apoio prepara o material para traballar na aula ou fóra dela. Este tipo de situación darase cando se necesite adaptar as actividades ou para acadar a inclusión e a participación dun neno/a con NEE, xa que o pequeno grupo favorece a relación cos compañeiros/as.

Teremos en conta para levar a cabo un tipo de apoio ou outro o benestar emocional do alumnado e a súa autoestima priorizando sempre aos nenos e nenas por enriba da organización do persoal do centro. As opinións que manifesten as familias e o propio alumnado que reciba apoios serán escoitadas e terán un peso decisivo na organización das clases nas que haxa dous docentes na aula (tamén PT e AL).

Tamén poderemos realizar unha adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación. A avaliación entenderase como un elemento regulador e potenciador da aprendizaxe. Os alumnos e alumnas con algún tipo de dificultade ou necesidade específica de apoio educativo contarán con todas aquelas adaptacións que sexan precisas e que permitan a compensación de ditas dificultades.

Para o alumnado con materias pendentes do curso anterior ou que repite, desenvolveranse os Plans Específicos de Recuperación (art. 6.5 Orde 25 de xaneiro de 2022) e os Plans Específicos de Reforzo ou Recuperación e Apoio (art.6.3 da citada Orde) respectivamente.

Se fora necesario porque as características do alumnado así o requirira, levaremos a cabo (tal como establece o mesmo Decreto 229/2011 e a Orde 8 de setembro de 2021) medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. No presente curso escolar, inicialmente, parece que non se precisa a aplicación destas medidas extraordinarias.

Animarase ás familias a participar e a mirar as diferenzas dende unha óptica positiva de maneira que consideren que contar con nenos/as con nee e neae non supón un atranco para os seus fillos e fillas senón unha oportunidade para aprender máis aló dos contidos curriculares propiamente ditos. Para levar a cabo esta educación inclusiva teremos moi en conta o modelo DUA e a adaptación á lectura fácil.

Por último, os nosos referentes (ademais da diferente lexislación) serán as pautas de orientación, intervención e avaliación que aparecen nos diferentes protocolos publicados por esta Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - COMPRENSIÓN LECTORA.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - COMPETENCIA DIXITAL			X		X	X	
ET.4 - FOMENTO DA CREATIVIDADE, ESPIRITO CIENTÍFICO E DO EMPRENDIMENTO	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES				X			
ET.6 - EDUCACIÓN PARA A PAZ E PREVENCIÓN E RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS				X		X	
ET.7 - EDUCACIÓN PARA O CONSUMO RESPONSABLE E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	X		X			X	
ET.8 - EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	X						

Observacións:

A maioría destes elementos transversais traballaranse durante todo o ano e máis especialmente celebrando as diferentes conmemoracións (Día da Muller, Día da Saúde, Día do Medio Ambiente...)

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída á Domus	No 1º trimestre unha vez que finalicemos as unidades didácticas que versan sobre o coñecemento do corpo humano.	X		
Saída pendente de concretar	No 2º trimestre realizaremos unha saída organizada polo mestre de Educación Física.		X	
Saída ao Salón do Libro de Pontevedra:	No 3º trimestre, máis relacionado coas áreas de Linguas.			X
Saída a área recreativa da Brexa (Carral)	No 3º trimestre para coñecer a contorna da nosa vila.			X

Observacións:

As actividades de obrigado cumprimento estarán relacionadas co PDI do Centro, na maioría dos casos. Seguiremos as propostas dos diferentes equipos e o Concello e aquelas outras que poidan xurdir ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse a programación didáctica en tempo e forma ao alumnado.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía empregada favoreceu a aprendizaxe e tomou como referencia as orientacións pedagóxicas do currículo nas diferentes áreas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organizouse a aula de forma flexible co fin de aproveitar os recursos materiais e persoais.
Medidas de atención á diversidade
Puxéronse en marcha medidas de atención á diversidade de tipo ordinario e, se é se fora o caso, de tipo extraordinario tendo sempre en conta a inclusión educativa e a aprendizaxe entre iguais
Clima de traballo na aula
O clima de traballo na aula foi o axeitado e leváronse a cabo medidas para acadar o coñecemento entre o alumnado e outras que favorecen a resolución pacífica de conflitos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinámonos co resto do equipo docente e coas familias ou titoras legais de forma periódica.

Descrición:

Así mesmo tamén se fará un proceso de autoavaliación da práctica docente en cada tarefa realizada que nos permita cambiar e mellorar na planificación de actividades co fin de que sirva de feedback para o deseño doutras novas. Esta autoavaliación será conxunta entre as titoras, pois procuraremos, na medida do posible, desenvolver de forma coordinada as mesmas tarefas dentro das tres aulas.

Cada ítem valorarase de 0 a 5.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisárase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesión previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observación.

2. Actividades complementarias (realizadas ou non).

No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porque non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados